



# **INFORME ANUAL DE RESULTADOS**

## **Grao en Nutrición Humana e Dietética**

**Curso Académico: 2023-2024**

## 1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DO INFORME

| <b>1. DATOS DO PROGRAMA</b>                                             |                                             |
|-------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------|
| Denominación do programa                                                | Grao en Nutrición Humana e Dietética (GNHD) |
| Universidade responsable administrativa                                 | Universidade de Santiago de Compostela      |
| En caso de programas interuniversitarios, universidade/s participante/s | N/A                                         |
| Escola responsable                                                      | Facultade de Ciencias                       |
| Centro/s Participantes                                                  | Facultade de Ciencias                       |
| Nome do/a coordinador/a do programa                                     | Jesús Antonio Casabiell Pintos              |
| Correo electrónico do/a coordinador/a do programa                       | x.casabiell@usc.es                          |
| Códigos ISCED                                                           |                                             |
| Curso de implantación                                                   | 2010-2011                                   |
| Data acreditación ex ante (verificación)                                | 30 de xuño de 2010                          |
| Data renovación acreditación                                            | 8 de xullo de 2015                          |

## 2. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

| Criterios | Nº  | Evidencia / Indicador                                                                                                                                  | Documento/enlace                                       |
|-----------|-----|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------|
| 1,7       | I1  | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico                                                                                               | <a href="#">2502222 P.Ind 2023-24</a>                  |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">2502222 INF.16 2023-2024</a>               |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">2502222 (L) INF.CIUG 2023-2024</a>         |
| 1         | I2  | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia                                                                  | Codg:TítuloINF.02_2023-2024 (n/d)                      |
| 1         | I3  | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)       | <a href="#">2502222 P.Ind 2023-24</a>                  |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">2502222 INF03 2023 2024</a>                |
| Todos     | I4  | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título                                                                       | <a href="#">2502222 P.Ind 2023-24</a>                  |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">2502222 INF.04 2023-2024</a>               |
|           |     |                                                                                                                                                        | 5011_INF.05_2023-2024 (n/d)                            |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">2502222 INF.06 2023-2024</a>               |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">2502222 INF.07 2023-2024</a>               |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">2502222 INF.08 2023-2024</a>               |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">2502222 INF.09 2ºS 2023 2024</a>           |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">5011 INF.10 2023-2024</a>                  |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">5011 INF.11 2023-2024</a>                  |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">2502222 INF.13 2023-2024</a>               |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">2502222 INF.14 2023-2024</a>               |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">5011 INF.21 2023 2024</a>                  |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">2502222 INF.22 2023-2024</a>               |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">2502222 INF.23 2023-2024</a>               |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">2502222 Informe de Indicadores 2023-24</a> |
| 3         | I5  | Resultados dos indicadores que integran o SGC                                                                                                          | <a href="#">2502222 P.Ind 2023-24</a>                  |
|           |     |                                                                                                                                                        | <a href="#">2502222 Informe de Indicadores 2023-24</a> |
| 4         | E15 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.) | <a href="#">2502222 E15 2023-2024</a>                  |

|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                                                                                                                                             |
|-------|-----|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 4     | E16 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)                                                                                                                                                                                                                        | <a href="#">5011_E16_2023-2024</a>                                                                                                          |
| 4     | I6  | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas                                                                                                                                                                        | <a href="#">5011_I6-I7_2023-2024</a>                                                                                                        |
| 4     | I7  | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas                                                                                                                                                                                | <a href="#">5011_I6-I7_2023-2024</a>                                                                                                        |
| 4     | I8  | Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )                                                                                                                                                                                                            | <a href="#">2502222_INF.13_2023-2024</a>                                                                                                    |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | <a href="#">2502222_INF.14_2023-2024</a>                                                                                                    |
| 4     | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)                                                                                                                                                            | <a href="#">5011_I10_2023-2024</a>                                                                                                          |
| 6     | E25 | Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título                                                                                                                                                                                                                                   | <a href="#">2502222_INF.15_2023-2024</a>                                                                                                    |
| 6,7   | I12 | Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia):<br>- Taxa de graduación<br>- Taxa de abandono<br>- Taxa de eficiencia<br>- Taxa de rendemento<br>- Taxa de éxito<br>- Taxa de avaliación | <a href="#">2502222_P.Ind_2023-24</a>                                                                                                       |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | <a href="#">2502222_INF.17_2023-2024</a>                                                                                                    |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | <a href="#">2502222_INF.18_2023-2024</a>                                                                                                    |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | <a href="#">2502222_INF.19_2023-2024</a>                                                                                                    |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | <a href="#">2502222_INF.SIIU_2023-2024</a>                                                                                                  |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | <a href="#">2502222_Informe de Indicadores_2023-24</a>                                                                                      |
| 7     | I13 | Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso                                                                                                                                                                                                                                                     | <a href="#">2502222_P.Ind_2023-24</a>                                                                                                       |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | <a href="#">2502222_(L)_INF.CIUG_2023-2024</a>                                                                                              |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | <a href="#">2502222_Informe de Indicadores_2023-24</a>                                                                                      |
| 7     | I14 | Resultados de inserción laboral                                                                                                                                                                                                                                                                           | <a href="#">2502222_EIL-SIIU_2023-2024</a>                                                                                                  |
|       |     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | <a href="#">2502222_EIL-ACSUG_2023-2024</a>                                                                                                 |
| 1,4,5 | I15 | Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)                                                                                                                                                                                                                             | <a href="#">2502222_P.Ind_2023-24</a><br><a href="#">2502222_Informe de Indicadores_2023-24</a><br><a href="#">2502222_MedUSC_2023-2024</a> |

### 3. ANALISE (Cumprimento do proxecto establecido):

#### Dimensión 1. A xestión do título

Analizarase a organización e desenvolvemento do plan de estudos incluíndo o perfil de ingreso e egreso do título, os criterios de admisión, os mecanismos de coordinación docente e a aplicación das distintas normativas. Analizarase tamén a transparencia e visibilidade do título a través da información que facilita sobre o mesmo aos distintos grupos de interese, así como a eficacia do Sistema de Garantía de Calidade como instrumento para recoller información, e realizar o oportuno seguimento das accións de mellora .

#### ■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

##### Incidencias no curso 2023-24

Non se produciron incidencias dignas de mención.

##### Matrícula

No GNHD ofértanse 60 prazas de nova matrícula desde o curso 2012-13 (40 nos cursos 2010-11 e 2011-12), con ocupacións históricas superiores ao 90% das prazas ofertadas practicamente desde o inicio da oferta do grao (110,0% no curso 2023-24, con taxas de variación interanual de -9,1%, +14%, +12%, -6,2%, +1,67 e +4,92 para os cursos 2019-20, 2020-21, 2021-22, 2022-23 e 2023-24, respectivamente). En consecuencia, o número total de estudantes matriculados no GNHD está no momento actual estabilizado en torno aos 220 (237 no curso 2023-24).

Este dato é moi significativo cando se compara co contexto do Sistema Universitario Español (SUE), no que o número total de estudantes matriculados en grao (ou 1º e 2º ciclo) no curso 2022-23, aínda que amosa unha lenta recuperación desde o curso 2018-19, segue a ser inferior ao acadado no curso 2011-12 (1,45 millóns fronte a 1,35 millóns, respectivamente, un descenso do 7,9%) (*Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2023-24*, MCIU).




Esta alta demanda, por outra banda, é característica dos estudos da rama de Ciencias da Saúde, cunha taxa de variación positiva segundo datos do MCIU dun 9,5% (últimos 5 anos, de 2017-18 a 2022-23) e do 117,0% (últimos 15 anos, de 2007-08 a 2022-23), incluso nun contexto de profunda crise demográfica e económica.

Esta elevada demanda vese reflectida nos datos de preinscrición de novo ingreso con 8,5 solicitudes por cada praza dispoñible (510 fronte a 60) (2502222\_INF CIUG\_2023-2024.pdf), o que implica que o GNHD, segue cubrindo con éxito a demanda social de novas titulacións na área de Ciencias da Saúde complementarias á oferta tradicional na nosa Comunidade.

Se se analiza no mesmo documento a evolución da porcentaxe de alumnos que elixen o GNHD como primeira ou segunda opción, pódese comprobar que no curso 2023-24 o 68,1% dos alumnos matriculados elixiron este grao en 1ª ou 2ª opción (54,5% e 13,6%, respectivamente), cifra que se mantén esencialmente estable cunha media para os últimos cinco cursos (2019-20 a 2023-24) do 69,7%. A nota media de acceso (sobre 14) da cohorte de estudantes da cota xeral (58 alumnos) foi de 9,56  $[(9,874 \times 0,62) + (9,163 \times 0,38)]$ , cun 100% dos alumnos con nota superior a 6 (2502222\_(L)\_INF CIUG\_2023-24.pdf). Para o curso 2023-24, tanto a porcentaxe de alumnos con preferencia  $\geq 2$  (68,9%) como a nota de acceso media á titulación (9,61) están na liña das respectivas medias para os 6 últimos cursos (70,8% e 9,79).

Analizando globalmente a evolución histórica dos datos de matrícula desde o curso 2018-19 pódese comprobar que (i) a taxa de ocupación mantense estable en valores máximos; (ii) que aproximadamente 2/3 dos alumnos

matriculados indican cada curso unha preferencia  $\geq 2$ ; e (iii) que a nota media de acceso supera en todos os casos os 9,2 puntos.



## Perfil de ingreso


Segundo os datos proporcionados pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (2502222\_INF CIUG\_2023-2024.pdf), no curso 2023-24 matriculáronse na cota xeral un total de 64 estudantes de novo ingreso (125% das 51 prazas dispoñibles), así como 2 deportistas de alto nivel (100% das prazas dispoñibles). Non se ocupou ningunha das 3 prazas reservadas para alumnos con discapacidade. A meirande parte dos alumnos procedían do Bacharelato (40 dos 64 alumnos da cota xeral, 62%). Desde Formación Profesional accederon outros 24 (38%). Por sexos, a tendencia desde a implantación da titulación é similar á distribución media a nivel nacional para as titulacións da rama de Ciencias da Saúde (71,4% de mulleres no curso 2020-21, segundo o documento "Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2021-22", publicado polo MU), con porcentaxes de

alumnas de novo ingreso no GNHD do 64% (2019-20), 74% (2020-21), 74% (2021-22), 74% (2022-23) e 62% (2023-24) (2502222\_INF CIUG\_2023-2024.pdf).

Por orixe xeográfica (2502222\_INF16\_2023-2024.pdf), os alumnos matriculados no grao proceden maioritariamente de Galicia (81,4%), especialmente das provincias da Coruña (27,4%), Pontevedra (27,4%) e Lugo (19,8%), en claro contraste cos alumnos procedentes da provincia de Ourense, que aínda que van incrementando lentamente o seu número, representan só un 6,8% da matrícula, probablemente debido á competencia directa que supón o Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos impartido no Campus de Ourense. O alumnado procedente doutras CC.AA. (2502222\_INF16\_2023-2024.pdf) mantense, como en anos anteriores, en porcentaxes próximos ao 20% do total de matriculados no grao (17,9 % para o curso 23-24), fronte a tan só un 5,6% para o curso 2010-2011. O alumnado estranxeiro matriculado no GNHD no curso 2023-24 supón un 4,22% do total de matriculados (IN08G). Se consideramos só os alumnos de primeiro curso (2502222\_(L)\_INF CIUG\_2023-2024.pdf), no curso 2023-24 a matrícula na cota xeral procede nun 81,2% de Galicia, nun 12,5% doutras CC.AA. e nun 6,2% doutros países.

|              | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 | 2023-24 |
|--------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| Coruña       | 75      | 73      | 71      | 62      | 59      | 65      |
| Lugo         | 54      | 52      | 51      | 48      | 52      | 47      |
| Ourense      | 7       | 10      | 9       | 12      | 15      | 16      |
| Pontevedra   | 45      | 42      | 48      | 50      | 56      | 65      |
| Galicia      | 181     | 177     | 179     | 172     | 182     | 193     |
| Otras CCAA   | 35      | 37      | 40      | 39      | 46      | 42      |
| Total        | 216     | 215     | 219     | 214     | 228     | 235     |
| % otras CCAA | 16,2    | 17,2    | 18,3    | 18,2    | 20,2    | 17,9    |

A distribución por xénero é similar á de outras titulacións da rama de Ciencias da Saúde, representando as mulleres un 62% dos alumnos de novo ingreso no curso 2023-24, valor lixeiramente inferior ao da media dos 6 últimos cursos (70%).



Na evolución do perfil de ingreso desde o curso 2018-19 ao curso 2023-24 cabe destacar un certo descenso na porcentaxe de alumnos procedentes das provincias de Lugo e A Coruña, que se equilibra por un aumento na porcentaxe de alumnos procedentes das provincias de Pontevedra e, en menor medida, Ourense. A porcentaxe de alumnos procedentes doutras CC.AA. mantense estable en valores próximos ao 18% do total. Por xénero, a evolución mantense estable, cunha porcentaxe de mulleres matriculadas en torno ao 70%

### Perfil de egreso

O documento 2502222\_INF.EIL.ACSUG\_2023-2024.xlsx recompila datos oficiais de inserción laboral para a cohorte de alumnos 2014-15 do GNHD, que se sintetizan na táboa seguinte:

|                                                       | Cohorte titulados Sistema Universitario de Galicia 2014-15 |              |              |         |
|-------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|--------------|--------------|---------|
|                                                       | GNHD                                                       | CC Saúde USC | CC Saúde SUG | SUG     |
| Titulación como 1ª opción (%)                         | 73,00                                                      | 82,00        | 78,00        | 74,00   |
| Traballa actualmente (%)                              | 82,00                                                      | 86,00        | 86,00        | 87,00   |
| Traballo relacionado coa titulación (%)               | -                                                          | -            | -            | -       |
| Meses que tardou en atopar traballo                   | 15,60                                                      | 9,37         | 9,20         | 8,77    |
| Contratado conta propia (%)                           | -                                                          | -            | -            | -       |
| Contrato indefinido (%)                               | 56,00                                                      | 62,00        | 63,00        | 63,00   |
| Contrato eventual (%)                                 | 33,00                                                      | 30,00        | 29,00        | 26,00   |
| Contrato en prácticas (%)                             | 0,00                                                       | 2,00         | 2,00         | 2,00    |
| Bolsa (%)                                             | 11,00                                                      | 1,00         | 1,00         | 1,00    |
| Outros (%)                                            | 0,00                                                       | 6,00         | 5,00         | 7,00    |
| Salario neto mensual (€)                              | 1416,67                                                    | 1548,64      | 1535,09      | 1518,40 |
| Desarrolla funcións de nivel universitario (%)        | 78,00                                                      | 85,00        | 83,00        | 82,00   |
| Volvería a cursar estudos universitarios (%)          | 100,00                                                     | 86,00        | 85,00        | 87,00   |
| Volvería a cursar a súa titulación (%)                | 82,00                                                      | 77,00        | 78,00        | 79,00   |
| Volvería a cursar a súa titulación na mesma Univ. (%) | 100,00                                                     | 87,00        | 87,00        | 90,00   |

De acordo con estes datos, o 100% da cohorte estaría traballando no momento de realización da enquisa (xaneiro a marzo de 2021), o 78% desenvolvería funcións de nivel universitario, o 100% volvería a cursar estudos universitarios, o 82% volvería a cursar a súa titulación, e o 100% deles faríano de novo na mesma universidade.

O documento 2502222\_INF.EIL-SIUU\_2023-2024.xlsx recolle algúns datos adicionais de inserción laboral para as cohortes de alumnos 2015-16, 2016-17 e 2017-18, o que nos permite apreciar a evolución temporal da taxa de afiliación á SS entre 1 e 4 anos despois da graduación, con valores medios de 53,5, 55,2, 69,2 e 76,7%, e unha porcentaxe media de autónomos do 31,2% no cuarto ano.

| Tasa afiliac | 1 ano | 2 anos | 3 anos | 4 anos |
|--------------|-------|--------|--------|--------|
| 2015-16      | 47,06 | 58,82  | 73,53  | 82,35  |
| 2016-17      | 54,05 | 51,35  | 78,38  | 81,08  |
| 2017-18      | 59,26 | 55,56  | 55,56  | 66,67  |
| <b>Media</b> | 53,46 | 55,24  | 69,16  | 76,70  |

| % Autonomos  | 1 ano | 2 anos | 3 anos | 4 anos |
|--------------|-------|--------|--------|--------|
| 2015-16      | -     | -      | -      | 35,71  |
| 2016-17      | -     | -      | 27,59  | 26,67  |
| 2017-18      |       |        |        |        |
| <b>Media</b> |       |        | 27,59  | 31,19  |

## ■ Criterio 2. Información e transparencia

Tal e como recolle o Plan de Calidade da Facultade de Ciencias, a política de información pública e transparencia do centro ten como obxectivo facilitar toda a información referente aos títulos que se imparten na mesma a través da páxina web da Facultade de Ciencias:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias>

No referente ao Grao en Nutrición Humana e Dietética, toda a información relevante está publicamente accesible e actualízase de xeito continuo no enlace :

<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-saude/grao-nutricion-humana-dietetica>

A información está estruturada en 11 niveis: (i) Presentación, (ii) Plan de estudos por curso, (iii) Plan de estudos



por módulos, (iv) Oferta e admisión; (v) Recursos materiais; (vi) Obxectivos e competencias; (vii) Mobilidade e Prácticas; (viii) Saídas profesionais; (ix) Traballo de Fin de Grao; (x) Equipo docente e (xi) Indicadores de calidade. Na páxina raíz figuran tamén ligazóns á Listaxe de profesores, á Memoria do título, ás Guías docentes, e aos Horarios e calendarios, entre outras.

## Estudos / Graos / Ciencias da Saúde

# Grao en Nutrición Humana e Dietética

**Tipo** Presencial  
**Área** Ciencias da Saúde  
**Centro(s)** Facultade de Ciencias  
 Avda. Alfonso X  
 O Sabio, s/n,  
 27002  
 Lugo  
 982824095  
 (Conserxaría)  
 982824009  
 (Decanato)  
 ciencias.decanat  
 o@usc.gal

**Campus** Lugo



- [Admisión e matrícula](#)
- [Normativa](#)
- [Bolsas e axudas](#)

A titulación ten como obxectivo xeral a formación dun profesional da saúde, recoñecido como un experto en alimentación, nutrición e dietética, con capacidade para intervir na alimentación dunha persoa ou grupo, desde a nutrición na saúde e na enfermidade, o consello dietético, a investigación e a docencia, e a saúde pública.

### Presentación

#### Plan de estudos por curso

#### Plan de estudos por módulos

#### Oferta e admisión

#### Recursos materiais

#### Obxectivos e competencias

#### Mobilidade e prácticas

#### Saídas profesionais

#### Traballo de Fin de Grao

#### Equipo docente

#### Indicadores de calidade

**Duración:** 4  
**Prezo/curso (aprox.):** UE: 13,93€/crédito  
 (1º curso: 835,80 €) | Non UE:  
 17,41€/crédito (1º curso: 1089,20 €)  
**Número prazas:** 60  
**Nota de corte no curso precedente:**  
 9,450

**Responsable do título:**  
 ASTERIA M. LUZARDO ALVAREZ  
[asteriam.luzardo@usc.es](mailto:asteriam.luzardo@usc.es)

**Coordinador-a do título:**  
 Jesús Antonio Casabiell Pintos  
[x.casabiell@usc.es](mailto:x.casabiell@usc.es)

**Linguas de uso:**  
 Castelán, Galego

[Memoria do título](#)

**Universidade coordinadora:**  
 Universidade de Santiago de Compostela

**Universidade(s) participante(s):**  
 Universidade de Santiago de Compostela

Data da autorización de implantación do título pola Xunta de Galicia:  
**Decreto 150/2010 do 16 de setembro (DOG 23/09/10)**

Data de publicación no BOE:  
**3 de marzo de 2011**

Data da última acreditación:  
**08/07/2015**

A titulación persegue como obxectivo xeral a formación de "un profesional da saúde", con titulación universitaria, recoñecido como un experto en alimentación, nutrición e dietética, con capacidade para intervir na alimentación dunha persoa ou grupo, desde os seguintes ámbitos de actuación: a nutrición na saúde e na enfermidade, o consello dietético, a investigación e a docencia, a saúde pública desde os organismos gobernamentais, as empresas do sector da alimentación, a restauración colectiva e social.

Os contidos desta páxina actualizáronse o 13.04.2022.

Páxina web do GNHD

### ■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade e revisión do plan de melloras do curso anterior

O Sistema de calidade do Grao en Nutrición Humana e Dietética está incorporado no Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Ciencias que *"alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas vinculadas a el (alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos)"*. En conxunto, o SGC da Facultade de Ciencias contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

O SGC da Facultade de Ciencias foi certificado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia o 13 de decembro de 2012, actualizándose periodicamente para adaptalo aos cambios producidos tanto a nivel do propio Centro como da USC. A Facultade de Ciencias renovou a acreditación de todos os seus títulos de grao e máster implantados o 8 de xullo de 2015. O 25 de xuño de 2018 obtivo a Certificación de Implantación do SGC. O 28 de xaneiro de 2019 o *Consejo de Universidades* declarou a acreditación institucional da Facultade de Ciencias, que deberá renovarse antes do transcurso de 5 anos.

A documentación da 8ª edición do manual do Sistema de Garantía de Calidade da USC pódese consultar no seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/calidade/documentacion-sgc>

Compre subliñar, que no curso 2023-24, a Facultade de Ciencias elaborou o seu **Plan Estratéxico de Centro 2024-2026**, que logo dun análise da situación do centro, recolle as liñas e obxectivos estratéxicos a desenvolver nos vindeiros anos. O plan está dispoñible publicamente no enlace:

<https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2025-03/plan-estrategico-fciencias-2024-2026.pdf>

### **Revisión do plan de melloras do curso anterior**

Con motivo da renovación da Certificación de Implantación do SGC durante o curso 2022-23 a Comisión de Calidade preparou toda a documentación necesaria para someterse a avaliación dunha Comisión Externa. En outubro de 2023 tivo lugar a visita da comisión quen, non seu informe oral, adiantou a necesidade de elaborar un novo Plan Estratéxico de centro no que basear os obxectivos e metas a acadar e os correspondentes indicadores de seguimento. Derivado disto, e seguindo instrucións da Área de Calidade e mellora dos procedementos da USC, a Comisión de Calidade do Centro acordou nomear unha comisión de traballo para a elaboración dun Plan Estratéxico 2024-26 que sería recollido como acción de mellora a desenvolver no curso 2023-24 (**AMF2324-1.-** Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade). Esta acción de mellora atópase executada con éxito tal e como se recolle nas actas da Comisión de Calidade.

No que atinxe especificamente ao Grao en Nutrición Humana e Dietética, non se planificaron accións de mellora para o curso 2023-24.

## Dimensión 2. Recursos humanos

Analizarase a adecuación e suficiencia do persoal académico e de apoio, así como os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñibles para garantir a consecución dos resultados definidos polo título

### ■ Criterio 4. Recursos Humanos

#### PDI

A tipoloxía do profesorado do GNHD, os seus departamentos e áreas de adscrición, e a súa experiencia docente-investigadora resúmense nas dúas táboas que seguen (2502222\_E15\_2023-2024.pdf):

| TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO           |           |                   |
|----------------------------------------------|-----------|-------------------|
| Título: Grao en Nutrición Humana e Dietética |           |                   |
| Categoría                                    | Número    | Porcentaxe Número |
| Predoutoral USC_Campus Terra                 | 2         | 4.44%             |
| Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU   | 2         | 4.44%             |
| Profesor/a: Catedrático/a de Universidade    | 12        | 26.67%            |
| Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU     | 7         | 15.56%            |
| Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor     | 4         | 8.89%             |
| Profesor/a: Profesor Interino/a substitución | 2         | 4.44%             |
| Profesor/a: Titular de Escola Universitaria  | 1         | 2.22%             |
| Profesor/a: Titular de Universidade          | 15        | 33.33%            |
| <b>Total general</b>                         | <b>45</b> | <b>100.0%</b>     |

| PROFESORADO DO TÍTULO POR DEPARTAMENTO E ÁREA                                 |                                               |                                   |                     |                           |  |
|-------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------|-----------------------------------|---------------------|---------------------------|--|
| Título: Grao en Nutrición Humana e Dietética                                  |                                               | Centro: Facultade de Ciencias [L] |                     | RUCT: 2502222             |  |
